



Galicia

GALICIA

LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU
ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 890 Semana do 31 de xaneiro ó 6 de febreiro de 2022

APROBADO O ACORDO DE REFORMA LABORAL. AGORA SI, GAÑAMOS DEREITOS!



UGT celebra que triunfase o sentido común e aprobase o xoves, no Congreso dos Deputados, o acordo de reforma laboral, froito do diálogo entre os interlocutores sociais e o Goberno. Un acordo histórico que fixa unha normativa laboral na que, por primeira vez, as persoas traballadoras recuperan dereitos e que, por primeira vez, contou co consenso dos empresarios e os sindicatos.

Redacción.- A nova reforma laboral recupera o equilibrio das relacións laborais, ao fortalecer a negociación colectiva. Así, recupérase a ultraactividade dos convenios e a prevalencia do convenio sectorial sobre o convenio de empresa. Combate a precariedade e temporalidade do noso mercado de traballo, apostando polo emprego fixo e estable, perseque ás subcontratas, que fixeron negocio en base á deterioración das condicións laborais; fomenta a inserción dos mozos no mercado de traballo, a través dos contratos formativos e aposta pola flexibilidade interna impulsando os ERTES, tipo Covid, fronte aos despedimentos.

O contido deste acordo, que conlevou unha negociación longa e moi complexa, obedece aos parámetros esixidos pola Comisión Europea ao Goberno español como condición para conseguir os fondos europeos

para a modernización do noso mercado de traballo.

Desde UGT lamentamos que o acordo non fose apoiado pola totalidade da Cámara, xa que supón un beneficio para o noso país. Con esta reforma laboral gañan os empresarios, gañan os traballadores, gaña a economía e gana España.

Agora toca o despedimento

Con todo, UGT sinala que este acordo é un punto e seguido e que hai que continuar loitando ata conseguir un mercado laboral máis xusto, seguro, produtivo e moderno. Neste sentido, insta a endurecer os despedimentos: limitando as súas causas e elevando as indemnizacións, porque hoxe pódese despedir por calquera motivo, a prezo de saldo.

O sindicato pide ao Goberno que sexa valente e acometa esta segunda parte da reforma laboral e ás forzas parlamentarias progresistas que empuxen nesta dirección ata corraxir a desregulación total provocada pola reforma laboral de 2012 imposta polo Partido Popular.

Políticas activas de emprego

Así mesmo, o sindicato demanda, entre outras cuestións, unha reforma das políticas activas de emprego para que sexan máis eficaces e lógrese acabar co paro de longa e moi longa duración, e inxectar os recursos materiais e humanos necesarios á Inspección de Traballo para que faga cumprir a actual normativa. Unha normativa avaliable cada certo tempo, tal e como contempla o acordo, para medir o seu grao de eficacia e mellorar os aspectos que sexan necesarios.

MELLORAR A CALIDADE DO EMPREGO, UN CAMIÑO QUE BOTA A ANDAR COA REFORMA APROBADA

Un 16% de contratación indefinida é un bo dato, en relación ós que se rexistraban nos últimos anos, pero aínda hai que mellorar moito. Un mes de vida da reforma laboral podería deixarse notar pero hai que ser prudentes porque hai efectos da mesma que aínda non estarán operativos ata abril

Redacción. A pesar de que xaneiro é sempre un mal mes para o emprego, nesta ocasión os datos son mellores que outras veces. O peor é que seguen mostrando unha precariedade acentuada. Algo que debería ir mellorando coa implementación da reforma que ven de ser ratificada polo Congreso. Un acordo co que gañamos todos pois senta as bases para conseguir un mercado laboral máis xusto, eficiente e produtivo.

Os datos do paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social coñecidos este mércores mostran un repunte do número de desempregados rexistrados e un descenso do emprego, como sempre nos meses de xaneiro por motivos estacionais, aínda que nesta ocasión o incremento do paro foi moito menor que nos últimos anos. Ademais, as cifras seguen evidenciando a persistente precariedade que reproduce o noso mercado laboral, rexistrándose altas taxas de temporalidade, problemas que condicionan desfavorablemente o futuro de moitos traballadores e traballadoras.

Neste sentido, o acordo alcanzado polos interlocutores e o Goberno, e xa ratificado polo Congreso, sobre a reforma laboral supón un fito na recuperación de dereitos laborais, en tanto elimina algúns dos aspectos máis lesivos das anteriores reformas e sementa as bases para a creación de emprego de calidade. As modificacións introducidas en materia de contratación, os novos mecanismos de flexibilidade interna fronte aos despedimentos ou o reequilibrio da negociación colectiva son elementos que atacan frontalmente a orixe da precariedade laboral.

Ademais, trátase dun acordo que non só será beneficioso para a clase traballadora, senón para o conxunto do país. Un mercado laboral máis eficiente e produtivo, que xere emprego digno, servirá para relanzar a demanda interna e promover un crecemento máis estable e robusto.

En suma, a nova reforma laboral nace do consenso e o impulso colectivo, co Diálogo Social como principal canalizador. Por tanto, foi fundamental que, aínda que xa entrou en vigor, que fora ratificada no Parlamento; o contrario, tería sido unha pésima noticia que botaría por terra un acordo xusto e razoable, que mesmo xa foi valorado po-

sitivamente pola Comisión Europea.

A pesar do exposto, debemos ter prudencia con respecto ó efecto inmediato da nova normativa laboral. Algúns dos cambios legais introducidos aínda non entraron en vigor (farano en abril) e, en todo caso, todos os cambios deberán trasladarse ao día a día das empresas e á negociación dos convenios colectivos, sendo imprescindible unha avaliación continua que permita testar a súa efectividade e garantir o cumprimento dos mesmos.

Análise datos

Entrando de cheo nos datos facilitados hoxe polos ministerios de Traballo e Economía Social e polo de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, obsérvase unha suba do desemprego en Galicia no mes dun 0,88% (1.348 persoas), 0,55% no Estado, ante o fin da campaña de Nadal. Non obstante, dáse unha caída do desemprego histórica, dende 1996 non hai datos similares en xaneiro, en termos interanuais, do 17,23% (32.052 persoas), 21,22% no Estado. Isto supón que hai 153.932 persoas en Galicia en situación de desemprego.

Entre os máis mozos, os menores de 25 anos, as cifras de desemprego do mes de xaneiro son máis favorables que no resto de idades, baixando este nun 1%, 6.014 mozos e mozas galegos menos no desemprego e esta baixada aínda é moito máis acusa en termos interanuais, do 29,86%.

Por sexos, no mes o paro incrementouse en ambos. Nun 0,82% no caso dos homes e nun 0,93% no das mulleres. Interanualmente, cae nun 19,09% entre os homes e nun 15,81% entre as mulleres. As mulleres seguen a representar nada menos que o 57,6% do total do desemprego en Galicia.

No mes de xaneiro o paro aumentou considerablemente no sector servizos, nun 2,2%, trala temporada de Nadal. Incre-



mento que non foi compensado pola caída no resto dos sectores, dun 2,35% na industria, nun 2,2% no colectivo de sen emprego anterior, no 1,03% na construción e nun 0,09% no primario.

No ano a contracción foi acusada en todos. 22.052 persoas desempregadas menos no sector servizos, o que supón unha baixa do 16,87%; baixa nun 16,15% na industria; o 20,88% na construción; o 16,83% no sector primario; e o 18,63 no colectivo de sen emprego anterior.

En termos provinciais, no mes o paro contráese na de Pontevedra moi levemente, quedando case igual, o -0,08%; nas restantes medra, nun 0,89% en Ourense, 1,94% en Lugo e o 1,58% na Coruña.

No ano cae en todas, nun 20,88% en Lugo, 17,37% na Coruña, 17,25% en Ourense e nun 16,14% en Pontevedra.

A cobertura por desemprego é do 63,7%, con 89.594 persoas beneficiarias de prestación. Destas, o 46,7% son contributivas e o resto dependen de modalidades de carácter asistencial, moito máis desfavorables.

A contratación indefinida sitúase no mes de xaneiro no 16%. Unha porcentaxe que podería deixar ver xa o efecto da reforma laboral no seu primeiro mes de vida e que UGT-Galicia agarda que siga mellorando nos vindeiros meses para acabar coa precariedade que aínda impera no mercado laboral.

En canto á afiliación á Seguridade Social, a media mensual foi en Galicia no mes de 1.021.954, caendo nun 1,05%. No ano medrou nun 3%.

Non puido ser, tras moitas horas de negociación

DÚAS NOVAS XORNADAS DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS NA CONSERVA

Redacción.- Despois de 12 horas de negociación, non puido ser. Non se puido pechar un acordo para un convenio digno para o sector das conservas de peixe. Por iso, os traballadores e traballadoras do sector protagonizaron os días 3 e 4 sendas xornadas de folga, cun seguimento masivo, e mobilizacións que en Galicia concretáronse en Vigo, Boiro e Arousa, tamén cunha participación altísima.

UGT-FICA vai traballar arreo por un convenio digno para o sector

Dende UGT-FICA insístese en que, como xa se fixo en todas as convocatorias de mesas de negociación, o Sindicato vai seguir traballando arreo para intentar un convenio colectivo digno e xusto para todos os traballadores e traballadoras do sector.

Porque todas as partes desta negociación deben implicarse para buscar unha saída digna para os traballadores e traballadoras sen máis costes para eles.



OS TRABALLADORES DE ALÚ IBÉRICA DEMANDAN SOLUCIÓNS XA

Manifestáronse este mércores polas rúas da Coruña e entrevistáronse co delegado do Goberno

Redacción.- Os traballadores de Alú Ibérica non cesan na súa loita polo mantemento da actividade produtiva da planta da Coruña e polo mantemento de todos os postos de traballo.

Así, este mércores pola tarde percorreron as rúas da Coruña en demanda de solucións para a actual situación da factoría e tamén se entrevistaron pola mañá co delegado do Goberno en Galicia ó que lle achegaron unha nova demanda, unha venda triangulada. É dicir, que primeiro sexa a SEPI a que adquira a empresa, actualmente en concurso de acredores, e, despois, a venda mantendo o cadro de persoal.



Traballadores de Mersant Vixilancia denuncian impago de salarios en Lugo

Redacción.- Os traballadores de Mersant Vixilancia concentráronse o venres pasado fronte á sede da Xunta en Lugo para denunciar o impago de salarios e a acumulación de débedas coa Seguridade Social e Facenda. FeSMC-UGT insta á Xunta, responsable da xestión da contratación con esta empresa, que traballa para diversos or-

ganismos públicos, que adopte as medidas necesarias e rescinda os contratos por incuprimentos graves e que, a partir de agora, se analicen outros aspectos á hora de adxudicar un

servizo, e non só a parte económica.



FEPMC DENUNCIA A FALTA DE SEGURIDADE NO AVELINO MONTERO EN PONTEVEDRA

Redacción.- FePMC convocou este mércores diante do Avelino Montero en Pontevedra unha concentración para denunciar a falta de seguridade neste centro.

A empresa Mersant Vixilancia, contratada pola Consellería de Política Social, non está a cumprir co servizo. Dende novembro de 2021 o centro non conta co persoal de vixilancia e seguridade suficiente, o que está a afectar directamente á intervención reeducativa do centro, amosando os internos, conscientes destas carencias, condutas cada vez máis agresivas.

De feito, nalgúns períodos das quendas chégase á ausencia total de traballadores do servizo.

Por todo isto, o Sindicato insta á Consellería de Política Social a que poña enriba da mesa todos os recursos necesarios para resolver unha situación que xa se volveu insostible.



UGT reclama datos actualizados de incidencias, recursos de cada centro, cobertura de efectivos, aumento de distancia a metro e medio, desdobres e profesorado de reforzo

A ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA REQUIRE DE ACCIÓNS INMEDIATAS NO EIDO EDUCATIVO E A XUNTA MIRA PARA OUTRO LADO

O novo protocolo non achega solucións, hai que cambialo

Redacción.- Lonxe da minimización que fai a Consellería de Educación, a situación da comunidade educativa fronte ao COVID, como se fai patente nos medios día a día e da que temos amplo coñecemento a través da nosa afiliación, empeorou notablemente. Dende o Sector de Ensino de UGT-Servizos Públicos denunciamos que os datos proporcionados tanto pola Consellería de Sanidade como pola de Educación son insuficientes e tardíos. Ademais, con frecuencia, ofrecen cifras parciais que non permiten facerse cunha dimensión obxectiva do empeoramento da situación sanitaria na comunidade escolar. Estamos convencidos de que o novo protocolo, se non empeora, polo menos, non aporta solucións na situación actual.

Por todo o exposto, en aras dunha maior transparencia, solicitamos que se nos proporcionen:

-Datos de casos de COVID no profesorado por provincia e tipo de centro.

-Datos de casos de COVID no alumnado por provincia e tipo de centro.

-Recursos dispoñibles en cada centro (medidores CO2, máscaras, EPIs, aulas de illamento, tempo de ventilación).

Denunciamos tamén que, dada a situación sanitaria na que nos atopamos, débese actuar cos recursos necesarios por parte da Consellería:

-Modificación do protocolo.

-Aumento da distancia a metro e medio.

-Desdobres.

-Profesorado de reforzo.

Uso de deber inescusable para os docentes para o coitado de menores positivos ou en corentena, como se está a facer noutras comunidades autónomas

Por último, consideramos de xustiza que o colectivo docente, visiblemente exposto ó COVID, poida facer uso do permiso de deber inescusable cando precise permanecer cos fillos menores positivos ou en corentena. A pesares da resposta que tivemos na última Mesa Sectorial, na que se aludiu a problemas de "competencia" normativa para adoptar esta decisión, temos constancia de que noutras comunidades autónomas como Asturias, Andalucía e Cataluña, entre outras, si se está a aplicar este permiso neste senso. Quédanos, pois, considerar a falta de vontade política como explicación á absoluta indiferenza da Administración galega para cos seus docentes.

Non se está prevendo a falla de cobertura en varias especialidades

Somos coñecedores de que non se está prevendo a falla de cobertura de efectivos en varias especialidades e a situación aínda empeora nos conservatorios de música. Somos coñecedores da sobre-



carga dos docentes que teñen que duplicar as súas clases atendendo tamén de xeito telemático. Somos, sen embargo, ignorantes dos plans, se é que existen, que ten a Consellería ó respecto. Por que non se deixa cargar as vacantes coñecidas -por xubilación, matrimonio...- con antelación?

Non se aplicou a redución de dúas horas na carga lectiva para a atención das aulas virtuais e elaboración de materiais

Por que aínda non se estableceu a redución de dúas horas na carga lectiva dos docentes para a axeitada atención das aulas virtuais e a elaboración dos materiais correspondentes? Ignorámolo ou somos ignorados.

É de xustiza que a Consellería deixe de inhibirse e ofrezca datos claros e propostas contundentes para reconducir unha situación con medidas que xa non están nas mans dos docentes de xeito individual nin a nivel de centro.

A LEI DE VIVENDA É INSUFICIENTE PARA AFRONTAR A EMERXENCIA HABITACIONAL DO NOSO PAÍS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera a Lei Estatal de Vivenda que se aprobou esta semana en Consello de Ministros totalmente insuficiente para afrontar a grave emerxencia habitacional que arrasa o noso país, polo que traballará activamente na tramitación parlamentaria no Congreso para completala e facela máis eficiente e xusta.

O sindicato, que xa participou no proceso de alegacións ao Anteproxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, expresoullo así esta semana á ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, Ione Belarra, denunciando que esta lei queda bastante corta respecto ás medidas incorporadas na lei elaborada pola Iniciativa Lei de Vivenda, da que UGT é promotora e parte

activa.

Para o sindicato, é indispensable aproveitar esta ocasión histórica para blindar a función social que desempeña a vivenda, polo que o texto final deberá incorporar:

- Un marco de regulación do alugueiro común e efectivo, que permita reducir os prezos dos mesmos e equilíbralos aos ingresos da poboación.

- Un plan ambicioso para ampliar o parque público de vivendas, que garanta a asequibilidade da vivenda e alternativas habitacionais dignas.



- A prohibición expresa dos desafuizamentos sen alternativa habitacional, cumprindo así coa carta de Dereitos Humanos.

- Medidas que aseguren as subministracións básicas a persoas en situación de vulnerabilidade, para que o acceso a unha vivenda teña lugar en condicións adecuadas.

UGT ESIXE UN PERMISO RETRIBUIDO PARA O COIDADADO DE MENORES E DEPENDENTES



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores advirte de que a situación é insostible tras dous anos de pandemia e que os pais e nais teñen que facer fronte aos confinamentos dos seus fillos sen axuda por parte das institucións.

O sindicato insiste que o Plan Me Coida, que permite adaptacións de xornada, que poucas veces acéptanse por parte das empresas, ou reducións de xornada, que supoñen a perda de ingresos, é absolutamente ineficaz e insuficiente xa que, ademais de que poucas familias pódennlo permitir, deixa fóra ás familias monoparentais e ós autónomos.

UGT considera importante revisar os protocolos e establecer alternativas para os alumnos que enlacen confinamentos sucesivos para ga-

rantir o dereito á educación. Cabe lembrar que teletraballar non é coidar nin conciliar, é unha forma de organización do traballo e que o traballo a distancia non debe ir dirixido a persoas con responsabilidades familiares excluíndo aos que non as teñen.

Por todo iso, reclama un permiso retribuído para os traballadores e traballadoras que teñen que coidar a menores e/ou maiores dependentes por corentenas, peche de colexio, e centros de día. Unha demanda do sindicato desde o inicio da pandemia que segue sendo necesaria para garantir os coidados, en especial, para as máis de 70.000 familias monoparentais do noso país. Para iso, o sindicato propón un fondo de compensación e financiamento que podería provir dos fondos europeos para a

reconstrución.

Impulsar verdadeiras medidas de corresponsabilidade

O sindicato urxe a ir máis aló e corrixir as deficiencias do noso sistema de protección social, especialmente no que se refire ós coidados e establecer medidas para unha verdadeira corresponsabilidade.

É absolutamente imprescindible aumentar o investimento en coidados, reforzar e incrementar os servizos públicos e a protección social e seguir impulsando a corresponsabilidade, a través da negociación colectiva e os plans de igualdade, para que non sexan sempre as mulleres as que se deben pedir os permisos para coidar.

FORTALECER AS RENDAS SALARIAIS SUPÓN UNHA TAREFA INELUDIBLE PARA APUNTALAR A RECUPERACIÓN

Redacción.- O IPC adiantado do mes de xaneiro rexistra unha taxa interanual do 6%, uns valores moi elevados que prexudican gravemente os intereses da clase traballadora. De feito, en 2021, os asalariados e asalariadas perderon 1,6 puntos de poder de compra, cifra que alcanza os 2,6 puntos en quen percibiu o SMI.

E, a pesar de que se espera unha moderación paulatina dos prezos, as estimacións seguen situando a inflación media en valores elevados –un 3,7% segundo o Banco de España-, xerando unha situación insostible cos traballadores e traballadoras como principais damnificados.

A ampliación dos beneficios e as marxes das empresas enerxéticas está a producirse á conta do recorte do poder adquisitivo, xerando un agravio distributivo que debilita o consumo e a recuperación.

A moderación salarial ou o reclamo dunha política monetaria máis restrictiva son receitas que non combaten as causas da inflación –cuxas causas se sitúan nas disfuncións dos mercados internacionais do gas e do petróleo e nun sistema de fixación de prezos que permite ás multinacionais unha captación abusiva de rendas á conta dos consumidores-, comprometerían a recuperación e favorecerían a apertura de novas brechas de desigualdade e pobreza.

A patronal debe sentar a negociar un novo AENC

Neste contexto, é fundamental que o Goberno actualice canto antes o SMI, que debe alcanzar os 1.000 euros mensuais con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro e avanzar así na senda de crecemento proposta pola Comisión Asesora para a Análise do SMI concluíndo en 2023 cun SMI equivalente ao 60% do salario medio do país.

Ademais, os convenios deben incorporar aumentos salariais superiores á previsión de inflación media (que a maioría de estimacións sitúan na contorna do 3,5%), de forma que se dea unha mellora do poder adquisitivo, adaptándose, como sempre, ás circunstancias económicas particulares de cada sector e empresa. E débense incorporar cláusulas de revisión salarial que vinculen a nómina ao IPC para o caso de que este supere a previsión, pois só así se outorgará transparencia e seguridade nas negociacións, permitindo aumentos inicialmente máis moderados.

Por iso, UGT empra a patronal para sentar a negociar xa o novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), que debe facilitar a negociación dos convenios colectivos e garantir aumentos do poder de compra da clase traballadora. Trátase dunha demanda razoable e acorde ao escenario de ex-



pansión económica que axudaría a reducir os niveis de conflitividade nas empresas.

Datos

O IPC adiantado do mes de xaneiro rexistra unha taxa interanual do 6%, cinco décimas menos con respecto ao dato do mes anterior. Neste comportamento, o INE destaca a baixada do prezo da electricidade, en contraste coa subida que rexistrou en xaneiro de 2021.

Pola súa banda, a estimación da inflación subxacente, que exclúe os produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados, reflicte un aumento de tres décimas, situándose no 2,4% anual, 3,6 puntos por baixo da taxa xeral. Este aumento debe poñernos en alerta ante o traslado do aumento dos custos de produción das empresas ao prezo de produtos e bens básicos, encarecendo así a cesta de compra habitual..

HAI QUE ESTABLECER MEDIDAS URXENTES EN FAVOR DOS HUMIDAIIS

Redacción.- Estes ecosistemas, vitais para a vida de millóns de persoas, permiten almacenar e depurar a auga, garanten a biodiversidade, mitigan o cambio climático, crean emprego e impulsan o desenvolvemento social e económico a través actividades como a pesca, a acuicultura ou o turismo, entre outros.

Este 2 de febreiro celebrouse o Día Mundial dos Humidais sendo o primeiro ano que se celebra no contexto de Nacións Unidas, ao aprobarse na Asemblea Xeral da ONU en 2021; aínda que este día conmemórase desde 1997 en recordo da Convención Ramsar sobre humidais de 1971.

Este ano o lema é “Acción en favor dos humidais para as persoas e a natureza” e o hashtag #ActuaEnFavordelosHumedales, co que se pretende que se adopten medidas urxentes e invístase capital financeiro e humano para evitar a desaparición dos humidais e restaurar os que se perderon. Desde o século XVIII desapareceron o 85% en todo o mundo, o 35% deles nos últimos 55 anos. Os humidais axudan á protección da biodiversidade: o 40% das especies do planeta viven e reproducense neles. Pero actualmente o 25% delas están en perigo de extinción.

Entre as actividades que provocan a perda de humidais están a drenaxe e recheo

para usalos para agricultura e construción, a contaminación, a pesca excesiva e a sobreexplotación de recursos, as especies invasoras e o cambio climático.

Para UGT é necesario unha maior protección e restauración destes ecosistemas. Lembra que a auga é clave para o desenvolvemento sostible e que unha correcta xestión dos recursos hídricos é fundamental para reducir a pobreza, crear emprego verde e decente e aumentar a sustentabilidade ambiental. Neste sentido, os humidais contribúen, en forma directa ou indirecta, a lograr 75 indicadores dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).